

cultura urbana e arte nas rúas

pegadas no muro

Patricia Cupeiro López e
Miriam Elena Cortés López (eds.)



EDITORA
alvarelos

AUTORES E AUTORAS

Laura Luque Rodrigo
Lorena Arévalo Iglesias
Miguel Anxo Rodríguez González
Adris Díaz Fernández
Beatriz Fernández Herrero
Luzia Oca González
Aurelia Balseiro García
Alba Díaz-Geadá
Begoña Fernández Rodríguez
Patricia Cupeiro López
Andrea Barreira Freije
Clara Rodríguez Cordeiro
Ascensión Moreno González
Antonio Alcántara Alcántara

Ilustracións

Primobanksy (cuberta)
Ferrol Mola (contracuberta)
Bublegum
Diego AS
Edu Hermida
Emi de las Heras
Pía Piadosa
Yoe33

Pegadas no muro

pegadas
no muro
cultura urbana
e arte nas ruas

Patricia Dantas Lima
e Maria Clara Costa Lima
[illegible]

abril

**pegadas
no muro**
cultura urbana
e arte nas rúas

patricia cupeiro López
e miriam elena cortés López
(eds.)

EDITORA
alvarellós

OESTE [divulgación & ensaio]

Este libro, e cada un dos capítulos que contén, foi revisado e avaliado por pares. Con este fin, remitiuse o correspondente ditame por parte de avaliadores de recoñecido prestixio co obxecto de garantir a calidade e validez científica dos contidos.

Data de petición do informe: 23/09/2025

Data de recepción do informe: 06/10/2025

© ALVARELLOS EDITORA, 2025

Rúa de Sempre en Galiza, 4

15706 Santiago de Compostela – Galicia

© desta edición Patricia Cupeiro López e Miriam Elena Cortés López

© textos e ilustracións: os seus autores e autoras

Revisión e tratamento de textos: María Reimóndez e Bea Fariñas. Incluíu a tradución ao galego, por parte de M. Reimóndez, dos capítulos asinados por Laura Luque, Ascensión Moreno, Adris Díaz e Antonio Alcántara.
Deseño de capa: Xacobe Neto, sobre unha ilustración de Primobanksy
Maquetación: Paula Cantero

Impresión: Podiprint



ISBN 978-84-18567-73-5

Depósito legal C 1802-2025

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org) se precisa fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

índice

Palabras antes do muro	9
Arte no espazo público: conceptos para investigala, xestionala, conservala e gozar dela <i>Laura Luque Rodrigo</i>	17
Entre a reivindicación e a referencialidade. O graffiti como visibilizador do sentir colectivo <i>Lorena Arévalo Iglesias</i>	35
Arte urbana como recurso: entre a identidade e a xentificación <i>Miguel Anxo Rodríguez González</i>	51
Muralismo mexicano e arte urbana. Expresións de resistencia e cambio social <i>Adris Díaz Fernández</i>	67
Muros de dignidade. Escritos, carteis e murais en Santiago de Chile durante o Estalido Social de 2019 <i>Beatriz Fernández Herrero</i>	79
Quinta do Mocho: arte contra a exclusión social nun <i>bairro</i> da Grande Lisboa <i>Luzia Oca González</i>	99
<i>Art is not a crime</i> . Consolidación e recoñecemento da arte urbana e o muralismo galego <i>Aurelia Balseiro García</i>	117

Reflexións sobre as imaxes do rural nos murais urbanos na Galiza <i>Alba Díaz-Geada</i>	133
Retos para o patrimonio cultural do futuro. A convivencia entre o patrimonio mundial e a arte urbana. O caso da cidade de Lugo <i>Begoña Fernández Rodríguez</i>	143
<i>As Meninas de Canido</i> . Unha historia de amor <i>Patricia Cupeiro López</i>	159
<i>Delas Fest Expandido</i> : feminismos e arte urbana contextual <i>Andrea Barreira Freije e Clara Rodríguez Cordeiro</i>	177
Mediación artística nos muros. Muralismo para a transformación social <i>Ascensión Moreno González</i>	191
Arte, educación e comunidade: Procesos colectivos para a transformación social <i>Antonio Alcántara Alcántara</i>	205
pegadas sobre o papel	215
Bublegum.....	216
Diego AS.....	217
Edu Hermida	218
Emi de las Heras.....	219
Pía Piadosa	220
Yoe33	221
Bibliografía e outras referencias	223

Retos para o patrimonio cultural do futuro. A convivencia entre o patrimonio mundial e a arte urbana. O caso da cidade de Lugo

Begoña Fernández Rodríguez
universidade de santiago de compostela

Introdución

Un elemento singular do conxunto lucense é a muralla romana, ben cultural que, aínda que contou con protección dende a década dos anos vinte do século pasado, recoñeceuse como patrimonio mundial no ano 2000. Este recoñecemento xerou unha reactivación da política cultural municipal en relación co legado romano da cidade, materializado na creación de novos

produtos culturais, como os eventos de festivais ou neofestas (*Arde Lucus*), cos que potenciar a identificación da cidadanía co seu importante pasado.

Xunto a iso, o Concello tamén, na procura de dinamizar a política cultural e diversificar a oferta, impulsou as manifestacións de arte urbana, para intentar converter a urbe nun museo ao aire libre, acadando así a mellora e rexeneración de moitos dos espazos urbanos sobre os que ten actuado. É no marco destas intervencións, promovidas en festivais como o *Urban Art*, no que a muralla, o legado romano e o muralismo, coa creación de exemplos de gran formato e ambientados historicamente nese período, conviven nun espazo, xerando novas sinerxías entre os ámbitos patrimoniais protexidos e aqueles de recente creación artística.

Aspecto que parte da necesidade de adecuar a convivencia entre elementos patrimoniais xa consolidados e outros que poidan resultar emerxentes. Razóns polas que se fai necesaria unha pequena reflexión que parte da necesidade de que as novas manifestacións de arte urbana convivan con aqueles bens cos valores xa arraigados, tal e como sucede na cidade lucense. Así, a presenza destes murais, as súas grandes dimensións e a escasa distancia que os separa da muralla, do mesmo modo que os recoñecementos dos que foron obxecto, poden pór en risco aqueles que posúe a cerca romana.

Xunto a isto, tamén é preciso reflexionar sobre a probable necesidade de conservación destas obras, xa que algunhas poden, nun futuro máis ou menos próximo, ser obxecto de procesos de patrimonialización, derivados non só da propia obra e dos seus valores, senón tamén do espazo en que se atopan e a súa incidencia visual na muralla lucense.

A muralla: de legado romano a patrimonio mundial

O elemento patrimonial máis sobresaínte da cidade de Lugo, non só polos recoñecementos que posúe, senón polos seus valores como ben integrante do patrimonio cultural, é a muralla romana. Erixida maioritariamente entre os séculos III e IV d. C., trátase dun exemplo singular e único dentro das fortificacións europeas conservadas. Preeminencia que se explica pola súa significación dentro do contexto

da cidade e que se establece con base en tres grandes categorías: arqueolóxica, arquitectónica-militar, e sociocultural, ambiental e lúdica (Chaín Pérez, Fernández Rodríguez e López de Rego, 2000).

Polo que respecta á primeira, a muralla pódese considerar, ao ser unha fortificación completa, o monumento que permite comprender o grao de romanización non só de Lugo, senón dunha gran parte da Península Ibérica. Realidade á que habería que sumar o feito de que é a construción que delimita o conxunto histórico lucense, o que posibilitou que se faga eco, sen apenas modificar o seu trazado orixinal, de toda a evolución histórica da urbe e dos cambios que se produciron no tempo.

A segunda das categorías que explican a súa significación e a que se refire aos valores arquitectónico-militares. É neste aspecto no que se pode observar como a cerca lucense se adapta perfectamente á topografía do terreo, de igual xeito que o seu trazado resulta debedor dos canons marcados polos principais tratados de arquitectura da época, máis en concreto de Vitruvio. Aspectos aos que habería que sumar a fisionomía dos seus cubos, maioritariamente orixinais, que responden a unha solución de planta semicircular; as propias portas, das que catro ou cinco das dez existentes se poden considerar como de apertura romana; o camiño de rolda, característico pola súa anchura e a súa continuidade; os diferentes accesos, que ben por medio de escaleiras ou de ramplas permitían a entrada ao adarve; e, por último, a posible existencia de foxos arredor da construción.

Categorías as que habería que engadir unha terceira, que fai referencia aos criterios socioculturais do monumento, entre os que destaca a súa condición de lugar para o lecer da cidadanía que convive con ela, aspecto que cobra relevancia sobre todo a partir do século XVIII.

Son todos estes elementos, anteriormente indicados, os que a significan e os que supuxeron o seu recoñecemento no ano 2000 como patrimonio mundial, ao posuír, tal e como establecen as *Directrices Prácticas para la aplicación de la Convención de Patrimonio Mundial*, un valor universal excepcional, reunir as condicións de autenticidade e/ou integridade e contar cun sistema de «protección y gestión adecuado que garantice su salvaguarda» (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura [UNESCO], 2019: 77-95).

Pasaron case vinte e cinco anos dende aquela noite do 30 de novembro, na que os cidadáns lucenses amencían coa nova de que a súa muralla, o seu ben cultural máis prezado, fora declarado en Cairns (Australia) como patrimonio mundial (Morales, 2000); este recoñecemento baseábase en ser «el mejor ejemplo vivo de las fortificaciones militares del Imperio romano tardío conservada en Europa», e con ela a antiga urbe entraba no grupo de cidades que contaban con bens recoñecidos pola UNESCO (2000).

Esta identificación como ben do patrimonio mundial, xa de por si significativa, completase co feito de que a cerca lucense se convertía nos albores do século XXI nun caso único en Galicia, xa que con ela a cidade adquiría relevancia, ao ser a única galega que contaba co recoñecemento da UNESCO para un monumento singular, pois, ata a data, todas as producidas recaeran en bens de carácter colectivo, como son o Camiño de Santiago ou o propio conxunto histórico de Compostela.

En virtude desta protección establecíase a tutela efectiva sobre o citado monumento ao tempo que, tal e como recollían as *Directrices prácticas para la aplicación de la Convención de Patrimonio Mundial*, era precisa a delimitación dunha zona de amortecemento, entendida como «un área alrededor del bien cuyo uso y desarrollo estará restringida jurídica y consuetudinariamente a fin de reforzar su protección. Para ello se tendrá en cuenta el entorno inmediato del bien propuesto, perspectivas y otras áreas y atributos que son funcionalmente importantes como apoyo del bien y a su protección» (UNESCO, 2019: 33).

O espazo tamén está regulado no artigo 13 da actual Lei do patrimonio cultural de Galicia (Lei 5/2016), na que se establece a obrigada delimitación deste ámbito para todos os bens inmobles declarados ben de interese cultural ou catalogados. Ámbito que no caso da muralla lucense coincide co espazo coñecido como Rolda da Muralla, no que é preciso que, ao producirse modificacións con posterioridade ao recoñecemento da muralla como patrimonio mundial, estas contén coa autorización do Comité de Patrimonio Mundial (UNESCO, 2019: 33).

A declaración como patrimonio mundial pechaba un largo capítulo que principiara en 1920. Non obstante, chegar a este punto non foi fácil, xa que nese ano un grupo de veciños, preocupados polas actuacións que o Concello pretendía realizar en

prol da modernización e o progreso, consistentes en «enajenar una porción de terreno inmediato a la muralla, así como uno de los cubos de la muralla misma, al objeto de construir una cochera» (Declaración: 1921: 292-293), solicitaron ao Consello de Ministros a súa declaración como monumento nacional. Solicitude que se resolve o 23 de abril do ano seguinte, momento no que a muralla se converte en monumento, baseándose en «ser uno de los pocos restos que en España se conservan de fortificaciones romanas, de inapreciable valor artístico, arqueológico e histórico y reunir todas las condiciones para que sean incluidas en la lista de Monumentos Nacionales» (*ibidem*: 293), e así, a responsabilidade sobre a súa conservación e mantemento recaía no Estado.

Co establecemento desta medida de tutela, a muralla romana convertíase no primeiro ben cultural da cidade que contaba con medidas de protección dos seus valores culturais; decisión que evidenciaba non só a importancia do legado romano, senón tamén o pensamento presente entre a cidadanía e os estudosos xa dende o século XIX, que a consideraban «como el elemento que rodea y define a la ciudad lucense» (Villa Amil y Castro, 1866).

O decreto de declaración tamén facilitaba o establecemento de medidas tanto para a súa protección como para a súa posta en valor. Un bo exemplo disto poderían ser os diferentes intentos de restauración materializados na cerca (Castro Fernández, 2007). De todos os realizados naqueles primeiros momentos, o máis significativo, ao abrir o monumento ás modernas restauracións, é o que se produce en 1971, co derribamento das casas acaroadas aos seus muros, proxecto que foi posible grazas á expropiación dos inmobles afectados polo Estado, tras ser declarada a actuación de utilidade pública. Medida coa que se pretende garantir a súa contemplación e conservación, xa que ao liberar a muralla destas construcións podería procederse a «su restauración total» (Decreto, 1971: 13377).

A pesar de que, co paso dos anos, sobre a cidade e os seus bens culturais recaeron máis recoñecementos patrimoniais (Fernández Rodríguez, 2024), teremos que agardar cincuenta anos máis dende a protección establecida polo Estado para que a propia urbe e, máis en concreto, o seu recinto intra muros adquiriesen a condición de conxunto histórico artístico nacional (Decreto, 1973: 5040).

Esta figura reflicte a singularidade dun espazo determinado e caracterizado pola presenza, tal e como recoñece o decreto de declaración, da propia muralla, convertida «en la parte más característica de la ciudad actual de Lugo» (*ibidem*, 1973: 5040). Razóns polas que se debe entender que a muralla tamén integra, sen por iso perder o carácter monumental que xa tiña recoñecido, o espazo urbano como o elemento que o delimita.

Isto explicaría a descrición que se realiza, na que se considera como un ben integrante do espazo declarado, ao indicar:

Construcción romana del siglo III y única que se conservó completa en España después de la invasión musulmana. Se mantienen hoy más de medio centenar de cubos y hasta diez puertas, y lo que fuera un camino militar es ahora un hermoso paseo desde el que puede contemplarse, por una parte, el maravilloso paisaje de la sierra de los Ancares, las colinas del Condado de Guntín y el valle del Miño y de la otra la ciudad interior» (*ibidem*, 1973: 5040).

Este recoñecemento implicaba, tal e como establecía a normativa patrimonial, en concreto a Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico español, a súa consideración como conxunto histórico e, en consecuencia, a obriga para as autoridades municipais de redacción dun plan especial de protección do espazo tutelado. Obriga que tivo intentos previos con anterioridade ao seu recoñecemento monumental, como foi o producido en 1963, cando as autoridades municipais redactaran o Plan parcial de ordenación urbana do recinto amurallado (Campoy Vázquez, 2002: 48), coa finalidade de xestionar e recuperar este espazo.

A pesar deste intento, non prosperou no xeito desexado, e o Concello lucense cumpriu, só dous anos despois da aprobación da primeira lei de patrimonio galega (Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia), co compromiso de elaboración e aprobación do citado Plan especial e de reforma interior (PEPRI); documento que foi aprobado o 3 de febreiro de 1997 e que entraría en vigor o día 9 de agosto daquel mesmo ano (PEPRI, 1997: 6-46).

Este documento establecía, dentro do conxunto histórico lucense, tres grandes áreas: a primeira, chamada Burgos Medievais, entendeuse como a zona na que as edificacións teñen un maior valor; a segunda, dentro do espazo urbano, era a denominada

Ensanche Decimonónico: aquela artellábase arredor da apertura e reforma de novas vías producidas no século XIX; e, por último, o terceiro ámbito do espazo é o considerado como Ensanche recente, zona na que se atopa o anel da Rolda da Muralla, que resulta de interese para este estudo e se caracteriza, a nivel xeral, por ser un espazo con poucos inmobles incluídos no catálogo de protección dos edificios, en comparación coas dúas anteriores (Campoy Vázquez, 2007: 54).

OS MURAIS LUCENSES

Unha das realidades dos espazos urbanos nestes últimos anos, máis en concreto dende as últimas décadas do século XX, é a proliferación de murais, de dimensións variables, cos que se intenta mellorar a calidade do ambiente urbano e embelecer o espazo da cidade por medio da realización de diferentes pinturas nos muros dos edificios.

Esta realidade, que nace en resposta ao «feísmo urbano» (Combatir, 2023), fai que estas representacións, entendidas popularmente como manifestacións da arte urbana, se aparten dos coñecidos graffiti, aínda que non se poden negar as conexións existentes entre estas dúas tipoloxías plásticas no que atinxe á súa xéne-se como disciplina artística.

Non obstante, a pesar das semellanzas que xorden nos momentos iniciais, as diferenzas baséanse sobre todo en que os murais non son obras que respondan, como no caso dos graffiti, ao anonimato dos creadores, nin amosan unha clara compoñente de protesta ou de clandestinidade, rapidez e transgresión, senón que, en boa medida, se relacionan con actuacións programadas previamente, realizadas ao amparo das institucións públicas ou da iniciativa privada, e por iso son autorizadas e consentidas, ao tempo que se atopan asinadas por artistas que contan cunha formación e perseguen impactar e sensibilizar o viandante coa mensaxe que encerran (González Chávez e Quesada Acosta, 2020: 2).

A presenza de pinturas nos muros das nosas cidades xera transformacións positivas dos espazos nos que se sitúan, pois estas imaxes proxectadas convértense en referentes, en reclamos visuais



Fig. 1. mural de concepto circo. rúa de bon xesús de Lugo. Fotografía de Begoña Fernández, marzo de 2024

que atraen os viandantes e tenden a potenciar a identificación dos cidadáns coa obra ou obras, ao tempo que xeran a sensación dun espazo coidado e a súa consecuenta mellora ambiental. Son estes aspectos, todos eles positivos, os que provocaron que a meirande parte das cidades españolas se fagan eco destas iniciativas para mellorar ou proxectar, por medios plásticos, a reforma dos diferentes espazos urbanos, conseguindo con iso a recuperación de ámbitos que antes presentaban un proceso de degradación.

Esta corrente nas cidades galegas cobrou protagonismo, o que explica a multiplicación de manifestacións destas características e que algúns destes murais figuren entre os mellores do mundo (Los tres, 2024). Recoñecemento outorgado pola plataforma *Street Art Cities*, aplicación que selecciona e amosa, mediante o mapeamento,

unha clasificación e na que cada ano se busca atopar o mellor mural realizado, recompilando os máis valorados pola poboación.

Esta tendencia reflíctese na cidade de Lugo, cidade na que as ditas manifestacións cobraron un gran protagonismo dende os anos 90; así, o seu espazo urbano conta cun importante número de exemplos, algúns situados incluso nas proximidades do conxunto catedralicio da cidade e, polo tanto, en pleno epicentro do seu conxunto histórico-artístico [Fig. 1], cos que posibilitou a recuperación de moitos dos seus ámbitos públicos, marcados por un

Fig. 2. Diego AS: *Xulio César*, 2019. Rolda da muralla, 133. Fotografía de Begoña Fernández, marzo de 2024



ambiente de degradación (Vidal, 2016); proxectos que foron apoiados e fomentados, en boa medida, polas autoridades locais.

O Concello apostou de forma aberta e directa polas expresións de muralismo e arte urbana, favorecendo a creación, para o embelecemento da cidade, pero tamén como vía para enxalzar valores, ideas e colectivos (Méndez, 2023). Obras que, en ocasións, veñen instaladas en zonas que contan con afectacións patrimoniais ou en espazos moi próximos a bens culturais, terreo que sempre resulta conflictivo dende o punto de vista da xestión do patrimonio cultural, xa que coa súa presenza xeran novos puntos de vista e inciden nas visuais do monumento.

Fig. 3. YOE 33: *copora ou A castrexa*, 2023. Rolda da Muralla, 158. Fotografía de Begoña Fernández, marzo de 2024



Xunto co impulso por encargo directo para a creación destes grandes murais, o Concello tamén resaltou a súa importancia e o papel que deben desempeñar na cidade, favorecendo a celebración de certames para dar novos apoios ás realizacións. Proba diso é o festival de arte urbana da cidade, *Urban Cores*, do que se teñen celebrado tres edicións nos anos 2021, 2023 e 2024 (*Urban Cores*, 2021), marco no que se procedeu á creación de obras destas características en diversos lugares do espazo urbano. Sistema que responde a unha práctica habitual nas cidades que apostan por este tipo de ofertas artísticas (González Chávez e Quesada Acosta, 2020: 7).

Aínda que son moitos os murais presentes na cidade, dous alcanzaron maior relevancia debido aos recoñecementos dos que foron obxecto; valoración que os recoñecía entre os mellores do mundo. En concreto, o que representa o emperador Xulio César acadou en 2021 a mención como mellor mural do mundo dese ano, e o da castrexa quedou no ano 2023 na terceira posición, recoñecementos que posibilitaron que transcendan da esfera do local e acaden proxección no plano nacional e internacional.




Fig. 4. vista dende a muralla do mural *A castrexa*. Fotografía de Begoña Fernández, marzo de 2024



Fig. 5. vista dende a muralla do mural xulio César. fotografía de Begoña Fernández, marzo de 2024

O primeiro, a obra *Xulio César* [Fig. 2], foi realizado en 2021, por encargo municipal con motivo da celebración do *Arde Lucus*, por Diego Anido Seijas, máis coñecido como Diego AS. Situado nun muro medianeiro dun edificio da Rolda da Muralla, máis en concreto no número 133; o segundo, *Copora* ou *A castrexa* [Fig. 3], obra de Manuel Pallín, máis coñecido como Yoe 33 (Corbelle, 2020), tamén materializado por encargo do Concello, polas mesmas razóns que o anterior, localízase noutra medianeira da mesma rúa, no número 158. Ambos, polo tanto, son realizados por artistas lucenses e aínda que diferentes, presentan unha serie de puntos que fan que estean estreitamente relacionados.

Así, os dous, de gran formato ao ocupar paredes medianeiras en inmobles de varias plantas, ubícanse nas inmediacións da muralla romana, nun espazo dentro do seu ámbito de protección. Situación que implica que, dende un punto de vista de perspectivas, estean integrados na cerca romana e incidan directamente sobre ela [Fig. 4]. Aspecto que fai relacionar estes bens, especialmente no caso do de Xulio César, no que o seu autor indica que foi realizado para ser apreciado dende a propia muralla [Fig. 5]: «la gente se quedaba asombrada (...), como se puede caminar por la muralla pasaba mucha gente que se paraba» (Pascual, 2011), e que se integrou, moi pouco tempo despois da súa finalización, tal e como recollía unha reportaxe de prensa, como un dos fitos da propia cerca (Varela, 2023).

Esta proximidade explica tamén a redución da paleta cromática empregada, na que se recorre exclusivamente a gamas de grises, para adecuarse ás normativas estéticas de intervención en paredes medianeiras que, tras a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia, foran aprobadas polo Concello da cidade para este espazo urbano; xa que nesta construción se permitía, tal e como recolle a normativa, en concreto no artigo 87.b, a materialización de obras «de consolidación, reparación, modernización o mejora de sus condiciones estéticas o higiénicas, así como de modificación de uso» (PEPRI, 1997).

Xunto con isto, outro dos puntos de conexión entre ambas as representacións é a temática na que se inscriben, relacionada estreitamente co pasado da cidade romana e a poboación castrexa que a precede, momento no que se materializaría a propia muralla. Así, este principio de ambientación histórica é o que explica que, para o primeiro, a fonte empregada polo artista sexa a escultura de Xulio César realizada por Nicolas Coustou (1699) para os xardíns de Versalles, actualmente conservada no Museo do Louvre; mentres que para a concreción do segundo, a compoñente histórica consérvase non tanto na propia figura como nos detalles ornamentais (arracadas, fíbula e collar); detalles para os que o artista contou co asesoramento do persoal do Museo Provincial de Lugo, máis en concreto co da súa directora, xa que as pezas están fortemente inspiradas nas conservadas na colección do museo lucense, e do arqueólogo municipal Enrique Alcorta (*A castrexa*, 2023).

De igual maneira, outro dos puntos de conexión relaciónase con que ambas son encargos directos do Concello aos artistas con motivo da celebración do *Arde Lucus*, neofesta que comeza a celebrarse tras a declaración da muralla como patrimonio mundial e na que a cidade por uns días se transforma para rememorar a importancia do pasado romano (*Arde Lucus*).

os murais da muralla, patrimonio cultural da cidade?

A presenza destes murais, debido á fama acadada polos premios cos que foron recoñecidos e que os sitúan entre os mellores do mundo, despertou o interese non só dos visitantes, senón da propia

ciudadanía lucense, o que provocou a divulgación da súa imaxe en diversos soportes e medios de comunicación. Entre todos eles, poderíase mencionar, a modo de exemplo, a tirada filatélica do mural de Xulio César, realizada «como homenaxe a esta extraordinaria manifestación de arte urbano» (Correos, 2023). Grazas en parte a esta difusión produciuse a identificación da poboación con estas manifestacións artísticas, de igual xeito que sucede co resto dos elementos patrimoniais, xa consolidados e presentes na cidade, entre os que se atopa a muralla romana.

É este carácter, xunto coa súa localización próxima ao ben de patrimonio mundial, o que abre a cuestión da posible necesidade, nun futuro máis ou menos próximo, dun recoñecemento patrimonial ou de aplicar diversas medidas para garantir a súa permanencia. Cuestión que fixa o foco de atención na sempre complexa problemática de patrimonializar unha manifestación artística, como son os murais, que nace cun carácter efémero e, polo tanto, perecedeiro.

Para superar este aspecto paradoxal, en canto á formulación, aínda que non referido ao caso da cidade lucense, hai autores que avogan pola posta en marcha de programas cos que as autoridades, ben sexa locais ou autonómicas, tutelen estas manifestacións artísticas. Situación que xa se está a producir noutros lugares, como por exemplo en Melbourne, cidade que desenvolveu entre 2014 e 2018 o Plan de xestión dos graffiti (*Graffiti Management Policy*) para a adopción de pautas que permitan garantir a conservación destes elementos artísticos. Procedemento que establece a identificación, caracterización patrimonial, documentación, conservación e catalogación dos seus elementos.

De igual maneira que outra manifestación protexida no plano internacional son os restos do Muro de Berlín, incluídos dende o ano 2011 no programa da UNESCO da Memoria do Mundo, programa que ten a finalidade de protexer aquel patrimonio documental de extraordinario valor (UNESCO, 2011), patrimonio entre o que se encontran o resto de antigo muro da cidade alemana.

Este debate tamén está presente en España (Luque-Rodrigo, 2020) e levou a desenvolver diversos procedementos para avaliar o valor destas obras e a adecuación de aplicarlles políticas de conservación; criterios que Delgado Chica e Martínez Yáñez sintetizan nos seguintes aspectos que poden resumirse en determinar

os diferentes valores e as características das obras; ter en conta a temática tratada, así como o interese da cidadanía na conservación dos elementos (2021: 197-199).

conclusiones

A pesar de que a situación e as propostas de patrimonialización que se están a efectuar aínda non tiveron acollida na cidade de Lugo, si é certo que estes dous murais acadaron importantes recoñecementos, tanto na esfera nacional como na internacional, non por estar nas inmediacións da muralla, senón polas propias características. Pero tamén é certo que, con eles e a atracción que espertan entre os visitantes, se corre o risco de que a muralla, o elemento patrimonial máis significativo da cidade, banalice os seus valores e quede reducida a unha mera plataforma de contemplación dese pasado que só as súas formas deberan evocar.

Non obstante, e á marxe desta enunciación ou dos valores acadados tanto por *Xulio César* como por *A castrexa*, o certo é que a súa razón de ser, o seu valor, radica na contextualización histórica que a temática desenvolve e na que se manifesta e evidencia, o mesmo que na cerca romana, a grandeza dun pasado e a importancia dos valores que manifestan; valores que, no caso lucense, continúan a estar moi presentes a través dos monumentos e cos que a cidadanía, de igual maneira que cos seus murais, se identifica, identificación que co paso do tempo conducirá á súa, con moita probabilidade, imparable patrimonialización.

Bibliografía e outras referencias

- Abel, D. L. e Rodríguez, M. A. (Coords.) (2013). *Canales alternativos de creación. Una aproximación histórica*. Baleiro.
- Aguayo Cobo, A. (2015). De la Infanta Margarita a la pequeña Estrela (As Meninas de Canido), *Ferrol-Análisis. As Meninas de Canido*, 29, 15-32.
- Aladro-Vico, E., Jivcova-Semova, D. e Bailey, O. (2018) Artivismo. Un nuevo lenguaje educativo para la acción social transformadora. *Comunicar Revista Científica de Comunicación y Educación*, 57, 9-18.
- Albarrán, Juan (2019). *Disputas sobre lo contemporáneo. Arte español entre el antifranquismo y la postmodernidad*. EXIT.
- Alcántara, Antonio (2018). Arte urbano, espacio público y educación. Elementos para la transformación social. *Quaderns d'Animació i Educació Social*, 27. https://quadernsanimacio.net/ANTERIORES/veintisiete/index_htm_files/Arte%20urbano.pdf
- Alinovi, F. (1984). *Arte di frontiera. New York Graffiti*. Mazzotta.
- Álvarez, L. (2023). La mujer en el muralismo mexicano: visibilidad y silencio. *Revista de Arte Contemporáneo*, 15(1), 87-102.
- Álvarez, E. (25 de setembro de 2020). Intervención de Boa Mistura: otro pésame para Fisac. *Neo2*. <https://goo.su/s5bZU>
- Alves, A. R. (2021). *Quando Ninguém Podia Ficar. Racismo, Habitação e Território*. Tigre de Papel.
- (2013). *Para uma compreensão da segregação residencial: o Plano Especial de Realojamento e o (Anti-)Racismo* [Tese de Mestrado em Migrações, Intereticidades e Transnacionalismo]. FCSH– Universidade Nova de Lisboa.

- Amorós, C. (1994). Espacio público, espacio privado y definiciones ideológicas de lo masculino y lo femenino. En *Feminismo, igualdad y diferencia*, (pp. 23-52). Colección Libros del PUEG. UNAM. https://e-mujeres.net/wp-content/uploads/2016/08/espacio_publico_espacio_privado_definiciones_ideologicas_masculino_femenino_0.pdf
- Araya, P. (2007). Marcas expuestas, poéticas contestatarias. Escrituras en el espacio urbano chileno. En T. Orecchia-Havas (Dir.), *Les villes et la fin du XXème. siècle en Amérique Latine: Littératures, cultures, représentations* (pp. 435-454). Peter Lang.
- Ardenne, P. (2016). *Un arte contextual. Creación artística en medio urbano en situación de intervención*. Azarbe.
- (2008). *Un arte contextual*. CENDEAC.
- Arévalo Iglesias, L. (2014). «Principales figuras del Street Art en Galicia». *Historia y Comunicación Social*, 19, 565-575. https://doi.org/10.5209/rev_HICS.2014.v19.44985
- Augué, M. (1998). *Los no lugares, espacios del anonimato: una antropología de la sobremodernidad*. Gedisa.
- Augé, M. (2000). *Los no lugares, espacios del anonimato. Una antropología de la sobremodernidad*. Gedisa.
- Baglai, Ch. (2015). *Cities free of rumours: How to build an anti-rumour strategy in my city*. Consello de Europea.
- Bauman, Z. (2007). *Los retos de la educación en la modernidad líquida*. Editorial Gedisa.
- Balseiro García, A. (2021). Arte urbana na nosa contorna. *Revista cultural da UNED Lugo, Lugo Cultura dixital. Muralla aberta*, 3, 1-11. <https://lugoculturadixital.es/LCD003.pdf>
- Baltà, J. e García, E. (2016). *Nous entorns de creació i intervenció: Informe-diagnòstic de les arts escèniques aplicades*. Observatori de les Arts Escèniques Aplicades, Institut del Teatre, Diputació de Barcelona.
- Blas Brunel, S. (2019). Arte urbano; lo efímero y su herencia. Monográfico: Arte urbano y museo. Competencias e (in)compatibilidades. *Ge-Conservacion*, 16, 123-124.
- Barragán del Rey, S. (1 de setembro de 2020). La polémica del faro intervenido por el artista Okuda. *AD*. <https://goo.su/lRswx>
- Barthes, R. (1999). *La cámara lúcida. Nota sobre la fotografía*. Paidós.
- Baudrillard, J. (1998). *The system of objects*. Verso.
- (1974). Kool Killer. Les graffiti de New York ou l'insurrection par les signes. *Papers: revista de sociologia*, 3, 27-38.

- Bengtson, P. (2014). *The street art world*. Almendros de Granada Press.
- Benjamin, W. (2019). *La obra de arte en la época de su reproductibilidad técnica*. Godot.
- Berger, J. (2016). *Modos de ver*. Editorial Gustavo Gili.
- Berti, G. (2009). *Pioneros del graffiti en España*. Universidad Politécnica de Valencia.
- Bishop, C. (2006a). The Social Turn: Collaboration and its Discontents. *Artforum International*, 44(6), 178-183.
- (2006b). Participation and spectacle: Where are we now? En *Living as form* (pp. 10-17). Creative Time Press.
- Brighenti, A. M. (2017). The urban art as a challenge to public space and its regulation. *Urban Studies Journal*, 54(8), 1780-1799.
- Bourriaud, N. (Ed.). (2015). *Estética relacional*. Adriana Hidalgo.
- Butler, J. (2014). Nosotros, el pueblo: apuntes sobre la libertad de reunión. En A. Badiou, P. Bourdieu e J. Butler et al. (Eds.), *¿Qué es un pueblo?* (pp. 47-67). Eterna Cadencia.
- Cachado, R. (2013). O Programa Especial de Realojamento. Ambiente histórico, político e social. *Análise Social*, 206, xlviii (1), 134-152.
- Calapez, L. e Baptista, S. (2017). *Era uma vez, o Mocho. Um bairro de má fama*. Libro autoeditado. <https://iceweb.org/wp-content/uploads/2018/06/Quinta-do-Mocho-Era-uma-vez-um-bairro-de-ma%CC%81-fama....pdf>
- Calvo Aguilar, C. (21 de abril de 2022). *El arte que no es tal y mancha: no seas cochino* [mesa redonda]. II Jornadas Hispania Nostra. Educación patrimonial «el arte no mancha», Alcalá la Real. <https://www.hispanianostra.org/que-hacemos/congresos-y-jornadas/congresos-hispania-nostra/ii-jornadas-en-alcala-la-real-educacion-patrimonial-el-arte-no-mancha/>
- Campos Medina, L. (2020). Evade! Reflexiones en torno a la potencia de un escrito. *Universum*, 35 (1), 18-44.
- Campos Medina, L. e Bernasconi Ramírez, O. (2021). Ciudad, estallido social y disputa gráfica. *Atenea (Concepción): revista de ciencias, artes y letras*, 524, 111-128.
- Campos, E. e Meller, A. (2007). *Santiago Stencil*. Cuarto Propio.
- Campos, R. (2014). A luta voltou ao muro. En *Análise Social*, 49 (212). <https://goo.su/M8dlhJo>
- Campoy Vázquez, L. (2002). El recinto histórico de Lugo. Su rehabilitación, *Boletín Croa*, 12, 41-63.
- Castleman, C. (2012). *Getting Up*. Capitan Swing S. L.

- Castro Fernández, B. (2007). *D. Francisco Pons Sorolla y Arnau, arquitecto restaurador: sus intervenciones en Galicia (1945-1985)*. [Tese de Doutoramento]. Universidade de Santiago de Compostela.
- Claramonte, J. (2011). *El arte de contexto*. Nerea.
- Cerpa-Márquez, F. R. (2020). El grafiti y su legitimación en el campo del arte. *La Colmena*, (105), 77-83. doi:10.36677/lacolmena.v0i105.12261
- Clement, G. (2018). *Manifiesto del tercer paisaje*. GG.
